

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2016

No salón de sesións do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás dez horas do día vinte e nove de xullo de dous mil dezaseis, réunese o Pleno da Corporación Provincial, baixo a presidencia de don José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación, co fin de celebrar sesión ordinaria da Deputación Provincial en primeira convocatoria, constituíndose a Corporación cos deputados don Rosendo Luís Fernández Fernández, don Jorge Pumar Tesouro, don Plácido Álvarez Dobaño, don Pablo Pérez Pérez, don José Antonio Feijóo Alonso, don Manuel Doval Soto, dona Montserrat Lama Nóvoa, don Antonio Montero Fernández, dona Ana M.^a Villarino Pardo, don Juan Anta Rodríguez, don Miguel Antonio Cid Álvarez e dona M.^a Teresa Cerdeira Valiñas, do Grupo Popular; don José Ignacio Gómez Pérez, don Miguel Bautista Carballo, dona Isabel Gil Álvarez, dona Susana Rodríguez Rodríguez, don Vicente Gómez García, don Adolfo González Nóvoa e don Francisco José Fraga Civeira, do Grupo do PSdeG.-PSOE; don Gonzalo Pérez Jácome e don Armando Ojea Bouzo, do grupo de Democracia Ourensana; e don Ramiro Rodríguez Suárez, do Grupo do BNG.

Non asisten as deputadas dona Consuelo Vispo Seara (Grupo Popular) e dona Elvira Lama Fernández (Grupo Socialista), que conforme co artigo 7.bis do Regulamento Orgánico da Deputación, e trala autorización previa da presidencia, exercen o voto non presencial en todos os puntos do apartado resolutivo da orde do día, computándose estes votos no resultado da votación de cada punto.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no portal de vídeo acta da Deputación Provincial de Ourense: <http://videoacta.depourense.es>

1º.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 30 DE XUÑO DE 2016.-

A Presidencia pregúntalles aos membros asistentes se existe algunha observación que formular ao borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 30 de xuño de 2016, que foi distribuído coa convocatoria da sesión.

Non se formulan observacións e a acta do 30 de xuño de 2016 é aprobada por unanimidade.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2016

2º.- RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR DON DANIEL ALBORNOZ DOMÍNGUEZ E DON JOSÉ ÁLVAREZ ÁLVAREZ CONTRA O ACORDO DO PLENO DA DEPUTACIÓN DE 29 DE ABRIL DE 2016 POLO QUE SE RESOLVERON AS RECLAMACIÓNS FORMULADAS E SE APROBOU DEFINITIVAMENTE A RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE PARA O EXERCICIO 2016.

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Transparencia e Administración Provincial.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

Don José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo do PSdG-PSOE, anuncia a abstención do seu grupo neste punto. Non obstante, e ante unha situación excepcional, quere aproveitar este punto para explicar que o seu grupo tamén vai tomar unha medida excepcional nesta sesión, porque non comparten unha sesión plenaria onde a oposición, e concretamente o grupo maioritario da oposición, ve cernado o seu dereito a facer oposición, como se pode ver con só ler a orde do día (e comenta que esta orde do día para algúns será unha cousa boa, porque non trataremos de dilatar máis este pleno); pero dende logo, dende o punto de vista da democracia, isto é un insulto e unha situación excepcional, causada por unha soa persoa, o Sr. Presidente, que é calquera cousa menos un demócrata. Di que en democracia o que non pode ser e que un grupo político teña medo a debater, e o PP, co seu presidente á cabeza, impide sistematicamente que o Grupo Socialista poida debater no berce da democracia nesta institución, que é o salón de sesións do pleno. Isto se acredita, como dixó, coa orde do día, con respecto á cal o Grupo Socialista non tivo oportunidade de introducir ningún asunto en tempo e forma, e isto sucede porque o Sr Presidente, cando para el existe un problema de orde política, se inventa normas para evitar ese problema; e así, cando o Sr Presidente tomou posesión, puideron entrar neste salón de actos tantas persoas como cabían; e en cambio, cando vimos a falar dun asunto que lle afecta a el, se inventa unha norma para que as persoas non entren; e cando vimos a debater asuntos que non lle interesan, se inventa normas para que as mocións se presenten do xeito que a el lle guste e no tempo que a el lle guste. Pero aínda por riba, o colmo do esperpento, é que o Grupo Popular non coñece nin as normas que o propio presidente impón. Da lectura á

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2016

circular da Presidencia de 11 de abril de 2016 sobre criterios de inclusión das mocións dos grupos na orde do día dos plenos, onde di, literalmente, “estímase que para garantir un adecuado coñecemento dos asuntos por parte da Corporación antes do seu tratamento, as mocións dos grupos políticos deben presentarse antes de que teñan lugar as comisións informativas ordinarias correspondentes, ou excepcionalmente, se non fose posible presentalas coa dita antelación, na propia comisión co fin de que a comisión poida debater e ditaminar o asunto do que se trate”, é dicir, que a propia circular admite que se puidesen incluír en comisión as mocións por vía de urxencia, logo da convocatoria. Di que o Grupo Socialista presentou mocións antes da realización das comisións, cuxa urxencia foi rexeitada pola propia comisión, co voto do Grupo Popular e por orde do Sr. Presidente, feito que cualifica como anomalía democrática, que non se debe producir, engadindo que isto non é unha cuestión subxectiva, senón unha cuestión obxectiva, e que o seu grupo ten a capacidade de ler e de facerlle chegar ao Grupo Popular aqueles escritos que asina don José Manuel Baltar Blanco; o que non ten o Grupo Socialista é capacidade para facer que o Grupo Popular entenda as circulares da Presidencia, ata aí xa non chegan. Considera asombroso o alarde antidemocrático que está a facer o Grupo Popular. Di que se pensaban que ante esta situación o Grupo Socialista ía levar a cabo algunha actuación fóra de ton, están equivocados, porque farán todo o contrario, e o Grupo Popular vai conseguir o que quere: que onde hai que debater, non se debata, porque nesta sesión o seu grupo non vai debater, e o único que fará é o seu labor de votar. Se iso é o que queren, non debater, pois moi ben, iso é o que farán, e se este presidente, que vai ás convencións do Partido Demócrata nos EE.UU., a vender non sei qué, para despois chegar aquí e facer todo o contrario do que vai alardeando polo mundo adiante, facendo o ridículo entre outras cousas, dende logo a eles non os vai coller nesta cuestión. Di que eles traían cousas moi claras a través de mocións para este Pleno, e o Sr. Presidente impide que se debatan. Por exemplo, traían unha proposta moi concreta para mellorar o sistema de contratación desta casa, de xeito consensuado con pequenos e medianos empresarios desta provincia que están pedindo a gritos que nesta institución se cambie de criterio, porque os titulares de prensa son unha cousa e outra é a realidade, e a realidade é que tres ou catro empresas se están a levar case tódalas obras que se fan nesta institución, e isto non é que o diga el, e que o din os decretos que asinan os propios deputados do PP. Por tanto, o Grupo Socialista viña aquí cunha

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2016

intención clara, que era facer chegar a este Pleno a inquedanza que a eles lle transmiten os pequenos e medianos construtores desta provincia, que son ao final os que tiran moito do emprego desta provincia, e non se arranxa isto na convención demócrata nin nos xornais, senón que se arranxa abordando este tipo de cuestións. Polo tanto, hai que estar onde hai que estar e hai que atender esta provincia e os graves problemas que ten, e dende logo non se vai arranxar con non permitirlles que falen neste Pleno, e engade que oe dicir a algún deputado do Grupo Popular (en referencia a don Rosendo L. Fernández Fernández) que está a dar un mitin, e non, está falando porque ten dereito a falar, porque só faltaría que non lle deixasen tampouco falar, e iso o está a dicir algún señor que se lle fixeran isto que a el lle fan agora no concello de Ourense no mandato anterior habería que oílo a ver o que dicía, e comenta que o Sr. Fernández Fernández debería estar calado porque sabe que ten razón, porque el mesmo na Xunta de Voceiros (un órgano que di que xa non ten sentido, porque foi creado polo Sr. Presidente para tratar os asuntos que van na orde do día, pero o Sr. Presidente non vai ás reunións) non puido explicarlle o da circular do Sr. Presidente porque, insiste, sabe que ten razón e que as cousas hai que vir a debatelas aquí, e non é unha cuestión de procedementos, é unha cuestión política. Pídelle ao Sr. Fernández que respecte o seu dereito a expresar a súa opinión e as razóns polas que o seu grupo vai actuar hoxe do xeito descrito, e dille si é un demócrata debería estar de acordo con el, con independencia de que o Sr. Fernández pense que o está facendo ben, cousa que en todo caso non é certa, porque o Sr. Presidente non o está a facer ben porque haxa tres ou catro que lle digan que si o está a facer ben. Di que hoxe ven a este Pleno un expediente de modificación de créditos que ven a ser non un escándalo, senón o seguinte a un escándalo, e ademais con outras particularidades que xa falaremos no seu momento; pero se o Grupo Popular impide ao Grupo Socialista falar politicamente sobre certas cousas, e só recibindo patadas e insultos, que é o que sabe facer o Sr. Presidente, advirte que ao mellor teñen que trasladar certos asuntos a outras instancias, e dirixíndose ao portavoz do Grupo Popular dille que hai cousas aquí que renxen, e moito; e polo tanto, iso é o que van facer agora, porque eles non veñen aquí a ser os malos nin a pagar polos deslices que teñen outros e que lle botan a culpa aos demais de cousas das que o único culpable é o Sr. Presidente, porque estaríamos aquí falando de política tranquilamente dende fai moito tempo, se non fora porque o Sr.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2016

Presidente se dedica a outras cousas. Conclúe reiterando que teñen claro o que van facer hoxe, votar, e a partir de agora xa se verá o que fan.

Don Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que por respecto á orde do día vai falar do asunto que nos ocupa, que é o punto 2º; e que se ao Sr. Presidente lle parece ben, dará resposta ao manifestado polo Sr. Gómez Pérez onde procede, que ao seu entender é no punto 9ª. Con respecto ao punto 2º, que é un recurso de reposición duns traballadores da Deputación, di que o Grupo Popular mantén o acordo de 26 de abril,. No que se aprobou definitivamente a Relación de Postos de Traballo, e por suposto o fan en base unicamente as conclusións que de xeito sucinto, claro e determinante fai o Sr. Secretario no seu informe ao respecto.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto segundo da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto segundo](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14) e a abstención do Grupo Socialista (8), Democracia Ourensana (2) e BNG (1) (incluídos os votos das deputadas ausentes), o Pleno adopta o seguinte acordo:

Desestimar o recurso de reposición interposto por don Daniel Albornoz Domínguez e don José Álvarez Álvarez contra o acordo do Pleno da Deputación de 29 de abril de 2016 polo que se resolveron as reclamacións formuladas e se aprobou definitivamente a Relación de Postos de Traballo da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2016, confirmando a resolución impugnada.

3º.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE AVALIACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIONS DO ANO 2015.-

O Sr. Secretario dá conta de que este informe xa foi exposto na Comisión Informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía, e que lles foi entregado a todos os membros da Corporación.

Non se producen intervencións quedando informados os membros da Corporación.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2016

4º.- SOLICITUDE AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS DE DELEGACIÓN DA INSPECCIÓN DO IAE DOS MUNICIPOS DE LOBIOS E A VEIGA.-

O Sr. Secretario dá lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía.

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14) (incluído o voto de dona Consuelo Vispo Seara), o voto favorable non presencial da deputada do Grupo Socialista dona Elvira Lama Fernández, e a abstención do Grupo Socialista (7), de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Solicitarlle ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a delegación da competencia inspectora que o artigo 91.3 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo RDL 2/2004, do 5 de marzo, lles atribúe aos órganos da Administración Tributaria Estatal, respecto do Imposto sobre Actividades Económicas, dos municipios de Lobios e A Veiga, cos límites e condicións establecidos na Orde do 10 de xuño de 1992.

2º.- Facultar ao Sr. presidente para a realización das xestións necesarias e formalización de documentos precisos para a execución do presente acordo.

5º.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS N.º 4/2016.-

O Sr. presidente cédelle a palabra á Sra. interventora para que expoña o contido do ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía, e anuncia que se presentaron dúas rectificacións de erros.

A Sra. interventora expón o contido esencial do expediente.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

Don Ramiro Rodríguez Suárez, do Grupo do BNG, di que en primeiro lugar quere amosar o seu apoio ás palabras do portavoz do Grupo Socialista, compartindo a súa exposición e respectando a postura que anunciou que ían tomar neste Pleno. Di que a circular de Presidencia sobre as moción non é axeitada, e que utilizando un mecanismo formal como é o mecanismo da urxencia se rexeitaron tres ou catro mocións nas últimas comisións, o que é escandaloso, e impropio do que debería ser o espírito dun parlamento democrático, e di que tampouco entende moi ben cal é a finalidade disto, porque o único que están a facer é adiar os

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2016

debates, que se van producir en todo caso. Indo ao punto concreto da orde do día, di que a sorte está botada, porque xa non queda máis remanente de tesourería, e por tanto non haberá máis expedientes de modificación de crédito, e di que o xefe do Servizo de Intervención non puido ser máis claro na Comisión de Facenda, ao informar que se esgotara o remanente, co que as promesas ás que non se lles deu satisfacción nestes meses van ter difícil cumprimento ata a aprobación do vindeiro orzamento. Di que o se fai neste expediente, a través dun mecanismo perverso que xa teñen denunciado outras veces, e un uso e abuso dunha figura que por moi legal que sexa é un auténtico escándalo, e xa o di o informe sobre o Plan Estratégico de Subvencións do que se deu conta nun dos puntos anteriores, pois hai un desvío claro, notorio e premeditado do Plan Estratégico, do que se podería prescindir para dar tódalas subvencións a dedo, e o resultado sería semellante. Tamén dixeron no seu día que o que pretendía o Sr. Presidente era incrementar o umbral da porcentaxe de subvencións nominativas ata límites que farían ruborizar ao seu predecesor no cargo, porque estamos a falar de 5,6 millóns de euros de libre disposición. A través deste perverso mecanismo o Sr. Presidente conseguiu outra cousa, e hai que recoñecerlle certa habilidade neste sentido, aínda que sexa a costa de utilizar o diñeiro de todos e todas: pacificar o seu rabaño (dito sexa sen ánimo despectivo) dándolle aos que noutrora se amosaron críticos con el inxentes cantidades de subvencións, negándollas a outros concellos que teñen o mesmo dereito. Con diñeiro vostede caloulle a boca aos que o cuestionaban publicamente, iso si, eses mesmos seguen a facelo en *petit comité*. Esta modificación é un compendio de todas as artimañas aprendidas durante os anos aos que p Sr. Presidente leva dedicándose á política, e sendo certo que tivo un bo mestre, hai que recoñecerlle que é un alumno avantaxado. Di que hai subvencións que se conceden para unha determinada finalidade e que logo se cambian para outra distinta (a concellos, á estación invernal de Manzaneda) e lembra que no Pleno onde se aprobou o orzamento o BNG fixo propostas, aínda que sempre os acusan de non traer propostas, para evitar precisamente que se produciran agravios comparativos entre concellos, tamén entre os do seu partido. Lembra a súa proposta: 12.760.000 euros para repartir entre os 91 concellos da Provincia, a través dun plan especial de investimentos, similar ao Plan Provincial de Cooperación, coa única excepción que este diñeiro non podería ir destinado a pago de débeda. Estaríamos falando que os concellos disporían de 140 mil euros para investimentos, o que provocaría, ademais de poder acometer cuestións básicas para os

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2016

veciños e veciñas, que non se destruíra emprego. O Grupo Popular negouse a aprobar esta proposta para así poder facer o que fan: reparto de diñeiro de xeito discrecional, maioritariamente a concellos do PP. Di que os cidadáns da provincia teñen as mesmas ou parecidas necesidades, e tamén o mesmo dereito a recibir investimentos, sen que prevalezan criterios subxectivos no reparto dos fondos, como ben acontecendo a cotío. Por todo isto, anuncia o seu voto en contra.

Don Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de DO, di que a semana próxima irá a Portugal, e tecnicamente irá de observador internacional, porque irá observando todo o que vexa e logo mandará unha nota aos periódicos, sobre todo aos que se lles paga con diñeiro público, para que poñan que vai como observador. Di isto porque DO está a punto de lanzar unha exclusiva sobre o que foi facer o Sr. Presidente (ao que se refire coa expresión “*este pájaro*”) aos EE.UU., e di que é un auténtico *fantasma*, que estaba no galiñeiro, enriba de todo, na convención do Partido Demócrata, e vaia un observador internacional, que o meten no galiñeiro, e dille ao Sr. Presidente que terá que contar aquí como foi alí, se foi realmente convidado ou pagando unha entrada, porque DO sabe a verdade de cómo foi, e explica que todo empezou con Juan Verde, que é o *fantasma* que trouxo aquí aos americanos de vacacións, e déronlle 300.000 euros para iso, que son a contrapartida para que o Sr. Verde faga *lobby* para este *don nadie*, que se foi a EE.UU. de vacacións, foi á convención demócrata pagando o ticket como todo o mundo, foi ao galiñeiro arriba de todo, con 20.000 espectadores, e di que é observador internacional. Di que DO ten toda a documentación e que vai quedar en ridículo, e que está aí sen reaccionar, cando o seu pai aínda tiña algo de sangue nas veas, pero el está aí como unha estatua de sal, e di que o vai poñer a proba, a ver se reacciona: dille ao Sr. Presidente que hai pouco unha persoa moi próxima a el estivo a facer unhas xestións e semella que cometeu unha falsidade documental, e preguntalle se sabe de qué lle está a falar; engade que se vai presentar unha querela por falsidade en documento público, e preguntalle se sabe quen é esa persoa e qué lazos familiares ten co Sr. Presidente, e dálle uns días para que o diga, e senón DO sacará unha nota de prensa, e dille ademais que se quedou fastidiado co do hotel Francisco II, con isto vai quedar aínda peor, e a ver se pensa que pode vir aquí a presumir e a burlarse da oposición, como ven de facer coas mocións do PSOE, e quedarse tan tranquilo. Di que o Sr. Presidente é un *fantasma*, que presume de que esta é a primeira deputación de España en

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2016

facen os orzamentos, e é certo que é a primeira, pero porque os fai ó chou, co número sete que é o que quere, e logo se pasa tódolos meses facendo modificacións orzamentarias porque non tiña nada deseñado, e pregúntase de que serve ser o primeiro nestas condicións, e obviamente iso é unha *fantasmada*. Di que o Sr. Presidente debe ter incontinencia orzamentaria, pero ao final o que sucede é que é un orzamentador precoz, nada máis, porque está todo o rato con estas modificacións. Con respecto ao expediente, di que é unha tomadura de pelo, e que o portavoz do Grupo Popular, e alcalde de Muíños, que é moi boa persoa, pero apaña todas as subvencións, e pregúntase se esta é a compensación que se lle da ao Sr. Álvarez Dobaño por ter que defender o indefendible, e así obtén o Sr. Álvarez Dobaño maiorías absolutas en cadea, porque así calquera, podería facer un parque acuático en Muíños, que lle darían os cartos.

Don Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que se vai cinguir á orde do día, e retrúcalle ao Sr. Pérez Jácome que mire ben os expedientes e verá que o concello de Muíños non é o que leva máis subvencións, nin ter por qué ser ese municipio o embigo do mundo nin moito menos, son un concello máis, con 1.800 cidadáns, que, iso si, teñen o mesmo dereito que os demais a ter investimentos e axudas de todo tipo, como teñen outros. E dito isto, advirte que na súa intervención se vai repetir, se repetir exactamente no termos en que se manifestou no debate do anterior expediente de modificación de créditos, porque sempre dicimos practicamente o mesmo cando se debaten estes asuntos, e seguramente o Sr. Gómez Pérez, de intervir, tería dito algo similar a outras ocasións, e como dixo unha vez o Sr. Rodríguez Suárez, neste o Sr. Álvarez Dobaño ten un “discurso estándar”, e di que o seu é tan estándar como o dos demais, incluído o Sr. Rodríguez Suárez, e coa excepción das cuñas graciosas, e algo máis, do Sr. Pérez Jácome. Di que este expediente é o resultado dunha xestión orzamentaria brillante do Sr. Presidente e o seu equipo de goberno, coa colaboración necesaria e imprescindible dos técnicos desta casa, que permitiu obter un remanente de tesourería positivo que é un éxito histórico, con case 27 millóns de euros. Este é o último do ano, porque se esgota con el o remanente, ten un importe de 2,7 millóns e destínase a créditos extraordinarios e a suplementos de crédito. O crédito extraordinario é de 330.000 euros, para fomentar o asociacionismo e a participación veciñal, e para actividades culturais e recreativas entre outras; e os suplementos de crédito por importe de 2.433.000, dos que 1,8 millóns se dedican a cooperar cos concellos en

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2016

investimentos e en torno aos 630.000 son para gastos correntes, referidos entre outros a actividades culturais, deportivas, acción social, desenvolvemento empresarial e cooperación cos concellos, que, non se esqueza, é a función esencial desta deputación, de todas, pero desta deputación en particular. Inclúense tamén neste expediente diversas modificacións nos capítulos IV e VII do orzamento, algunhas delas a pedimento dos propios concellos interesados, como é o caso de Oímbra, Xinzo de Limia, A Veiga ou Boborás, e outras a pedimento dalgunha asociación como a asociación galega do sector da lousa, e noutros casos se trata de modificacións por cuestións técnicas, como é o caso do 1,5 millóns de euros, que no expediente 3/2016 estaba previsto para a innivación na estación de montaña de Manzaneda, e agora se van destinar á adquisición de accións na sociedade mercantil que explota esa estación, mellorando a nosa participación nesa sociedade. En resumo, a boa xestión económica de 2015 permitiu obter un remanente de tesourería elevado, que á súa vez permitiu o financiamento destes catro expedientes de modificación de créditos, que poden ser discutibles, pero lembra que a súa responsabilidade é a de gobernar, porque así o quixeron os veciños desta provincia, e a deles é estar na oposición.

Don Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG, en resposta ao Sr. Álvarez Dobaño di que, en efecto, estamos ante un discurso estándar a ambos lados das bancadas, porque nos catro expedientes de modificación de créditos que levamos este ano os argumentos foron parecidos tanto dun lado como doutro. Di que nalguna ocasión o Sr. Álvarez Dobaño ten preguntado á oposición qué farían con ese remanente de tesourería, e di que os catro expedientes tramitados este ano suman un total de 15 millóns de euros, un 20 % do orzamento inicialmente aprobado en setembro de 2015, e xa daquela o BNG propuxera a creación dun fondo de cooperación cos concellos para que estes tomasen as decisións oportunas sobre os investimentos a realizar, repartíndose ese fondo con criterios obxectivos, o que permitiría dotar aos concellos dun financiamento estable para acometer obras e servizos sen ter que ir mendigando continuamente os alcaldes polas administracións territoriais superiores; pero o PP prefire gardarse na manga ese as do 20 % (porque teñen claro que si os orzamentos se aprobaran chegado o mes de decembro, ese remanente podería incorporarse de forma directa ao orzamento, dotando unha partida como a que o BNG propón) para ir mes tras mes, a golpe de expediente de modificación de créditos, facendo esa política mal entendida para cumprir con compromisos que teñen adquiridos e

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2016

que non soen coincidir coas necesidades da cidadanía.

Don Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de DO, di que o Sr. Álvarez Dobaño dixo que o PP goberna porque así o decidiron os cidadáns, e sinala ao respecto que non é exactamente así, porque se gobernan e porque así o quixeron os que deseñaron a lexislación electoral que se aplica para elixir ás deputacións provinciais, que é tremendamente inxusta, e de feito o PP ten aquí o 56 % dos deputados pero en votos, nas eleccións municipais de 2015, a súa porcentaxe foi menor do 50 %. Respecto das modificacións de crédito, di que non ten nada que dicir porque, efectivamente, quen ten o poder de gobernar pode facer estas cousas, e aínda raiando a ilegalidade é difícil botar abaixo un expediente destes, e ademais o Sr. Presidente actúa así porque el non se vai someter logo ao veredicto dos cidadáns, porque el non se presenta a nada e son os alcaldes os que gañan as eleccións por el, nas eleccións municipais nas que os cidadáns votan para elixir os concellos, nunca para elixir a deputación. Remata dicindo que a noticia da semana foi o da asistencia do Sr. Presidente á convención demócrata, que asistiu en realidade como palmeiro no anfiteatro para logo vender a moto de que era un observador internacional, cando o Partido Demócrata non convida a observadores internacionais, e de feito a asociación de observadores que hai aquí non foi convidada. Dille ao Sr. Presidente que é un *fantasma* e que lle quedan catro telexornais porque o PP vaino obrigar a dimitir cando lle abran xuízo oral, e que non crea que ten a rede asegurada con ese partido de nova creación chamado Vía Nova no que anda el por detrás, e dille que é patético, e que espera a que a vindeira semana se desvelen os *rollos* de estafa de xente que está ao seu carón.

Don Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que, á marxe do discurso estándar que todos facemos neste tipo de acordos, porque tampouco hai moito máis que dicir, hai algunha cuestión que quere aclarar, porque estamos a falar de modificacións orzamentarias, e as modificacións orzamentarias poden ser con recursos do propio orzamento, como no caso das transferencias de créditos, nas que se pasa diñeiro dunha partida a outra, ou poden ser con cargo ao remanente, e di que por exemplo, o orzamento de 2017 se aprobará no mes de setembro de 2016, e o orzamento de 2016 se liquidará a 31 de decembro, e polo tanto, se hai un remanente de 2016 haberá que distribuílo no 2017, e iso non será modificar o orzamento aprobado inicialmente, senón suplementar algunhas das súas partidas ou xerar outras novas mediante crédito

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2016

extraordinario, pero o orzamento inicial non se modifica porque se mantén o que prevía, só que incrementando as súas previsións. Dirixíndose ao Sr. Rodríguez Suárez dille, con respecto ao que dixo de que se dan subvencións só a concellos do PP, que aos do BNG é difícil darlles, porque xa quedan poucos, porque así o quixeron os cidadáns, pero neste expediente, por exemplo, van dúas subvencións nominativas para o concello de Baños de Molgas, e van outros que antes eran do BNG pero logo fóronse, polo que xa nin os vai citar. E subliña que en todo caso as subvencións non son para os gobernos municipais, nin para o goberno do BNG de Baños de Molgas nin para o goberno do PP de Muíños, son para os cidadáns, polo que pide que non se faga demagogia, porque as obras que se van facer con cargo a estas subvencións son para o público en xeral, incluídos os visitantes, e aproveita para convidar ao Sr. Pérez Jácome a Muíños para que tamén el poida gozar dos investimentos que a Deputación subvenciona. Remata dicíndolle ao Sr. Pérez Jácome que teña respecto pola normativa vixente, porque non vaia ser que fagamos como certo partido político que xa non está, que a lei electoral era boa se lle beneficiaba e mala se lle prexudicaba. A lei é a que é, para uns e para outros. E lembra que o único presidente de deputación que ten defendido a capa e espada que se elixa directamente nas urnas ao presidente da deputación é este que ten aquí.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto quinto da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto quinto](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14) e o voto en contra do Grupo Socialista (8), de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1) (incluídos os votos das deputadas ausentes), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a modificación de créditos n.º 4/2016 do expediente, co seguinte detalle:

CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS. GASTOS DE INVESTIMENTOS

APLICACIÓN	EXPRESIÓN	IMPORTE €
924.12/789.01	Outras transferencias nominativas. Participación veciñal	63.000,00

CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS. GASTOS CORRENTES

APLICACIÓN	EXPRESIÓN	IMPORTE €
------------	-----------	-----------

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2016

334.14/212.00	Edificios e outras construcións. Museo artesán da música	11.100,00
334.20/462.11	A Concellos nominativas. Actividades culturais	102.006,00
334.20/489.14	Outras transferencias. Actividades culturais e recreativas	165.067,00
326.14/489.00	A Fundación Universidade de Vigo	6.000,00

SUPLEMENTOS DE CRÉDITO. GASTOS DE INVESTIMENTOS

APLICACIÓN	EXPRESIÓN	IMPORTE €
450.12/762.01	A Concellos. Cooperación provincial	1.792.748,87

SUPLEMENTOS DE CRÉDITO. GASTOS CORRENTES

APLICACIÓN	EXPRESIÓN	IMPORTE €
334.20/226.09	Actividades culturais. Actividades culturais	54.000,00
342.11/226.02	Información e publicidade. Pazo dos deportes	25.000,00
912.11/226.02	Información e publicidade. Corporación Provincial	72.709,81
341.11/226.08	Actividades deportivas. Fomento do deporte	25.000,00
912.11/226.01	Atencións protocolarias e representativas. Corporación provincial	10.000,00
453.11/221.99	Materiais. Vías e obras provinciais	10.000,00
341.11/489.00	Fomento do deporte. Outras transferencias	1.000,00
334.20/226.10	Outras reunións e conferencias. Actividades culturais e recreativas	25.000,00
326.11/451.00	A Organismos Autónomos. Universidade de Vigo	20.000,00
450.12/462.10	A Concellos. Cooperación provincial	172.717,00
231.11/462.01	A Concellos subv. para PAI. Acción social	46.834,40
341.11/482.09	Escolas deportivas. Fomento do deporte	18.500,00
334.20/489.08	Outras transferencias. Pen clube Galicia. Actividades culturais	30.000,00
231.11/489.00	Atencións benéficas e sociais. Acción social	46.000,00
912.11/489.00	Outras transferencias. Corporación provincial	15.000,00
341.11/482.07	Rallie Ourense. Fomento do deporte	9.000,00
433.00/489.01	Outras transferencias. Desenrolo empresarial	50.000,00

RESUMO

Suma suplementos de crédito	2.433.510,08
Suma créditos extraordinarios	337.173,00

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2016

RECURSOS UTILIZADOS

Remanente Tesourería. Subconcepto 870.00 para financiar gastos xerais	2.770.683,08
--	---------------------

2º.- Na bases de execución do orzamento da Deputación Provincial de Ourense procede concretar o capítulo IV e VII de gastos que se ven modificados neste expediente, polo que se procede á especificación das aplicacións para as que se habilite crédito nesta modificación orzamentaria

Con cargo á aplicación orzamentaria **450.12/762.01**. A Concellos. Cooperación provincial:

Beneficiario	Finalidade	Importe
A Gudiña	Remate obras anexo multiusos	12.000,00 €
Bande	Adecuación accesos Bande OU-540	18.336,29 €
Baños de Molgas	Brazo para desbrozadora	9.000,00 €
Carballeda de Avia	Reparación danos da electricidade atmosférica na instalación de iluminación pública de Vilar de Condes e Muimenta	10.000,00 €
Cartelle	Equipamento auditorio	6.000,00 €
Castrelo do Val	Axuda para velorios en Piornedo, Fontefria, Monteveloso, Veiga de Nostre	17.900,00 €
Celanova	Obras de restauración da cuberta do pavillón municipal de deportes	34.664,69 €
Coles	Creación dunha zona de xogos no campo de Cambeo	26.634,90 €
Cortegada	Parque empresarial	30.000,00 €
Esgos	Adquisición terreos velorio municipal	50.000,00 €
Larouco	Ampliación abastecemento auga para Larouco e redacción do proxecto	13.700,00 €
Laza	Electricidade	59.000,00 €
Manzaneda	Construción de beirarrúas no núcleo rural da Corredoira	39.999,00 €
Muíños	Mellora rede viaria municipal en Piñoi, Fornadeiros e Vilar de Cas	57.003,52 €
Muíños	Rede viaria local	32.722,85 €
Nogueira de Ramuín	Sinalización	6.000,00 €
Nogueira de Ramuín	Adquisición rozadora de brazo	25.000,00 €
Os Blancos	Saneamento Penalonga, mellora saneamento Covelas e beirarrúas en Nóveas	25.000,00 €
Paderne de Allariz	Iluminación campo de fútbol e pavillón	33.608,00 €
Pereiro de Aguiar	2 campos de fútbol	100.000,00 €
Petín	Impermeabilización piscinas	30.000,00 €
Pontedeva	Mellora vial acceso polígono de Trado	22.000,00 €
Rairiz de Veiga	Melloras no velorio municipal e na rede viaria	30.000,00 €

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2016

	municipal	
San Cristovo de Cea	Arranxo palco de música	15.000,00 €
Sarreaus	Velorios de Sarreaus e Cortegada	12.000,00 €
Taboadela	Arranxo velorios de Pereiras e Torán	15.000,00 €
Toén	Moreiras-1ª fase humanización de rúas	60.000,00 €
Verea	Mellora camiño de Míllara	21.796,56 €
Vilamartin de Valdeorras	Acondicionamento praza de Cernego	9.000,00 €
Vilamartin de Valdeorras	Ensanche camiño en Correxais	17.500,00 €
Vilar de Santos	Conexión parque empresarial	3.700,00 €
Vilar de Santos	Equipamento centro iniciativas empresarias e adaptación minusválidos	36.300,00 €
Xinzo de Limia	Asfaltado vías municipais	70.000,00 €
Xinzo de Limia	Mobiliario urbano	20.000,00 €
Xinzo de Limia	Construción pozo e montaxe bomba	6.098,40 €
Porqueira	Adaptación velorios municipais	25.000,00 €
Baños de Molgas	Mellora de instalacións deportivas	25.000,00 €
Parada do Sil	Plan Vivenda	50.000,00 €
Sarreaus	Vías municipais	50.000,00 €
A Veiga	Equipamentos deportivos	25.000,00 €
Bande	Mellora da infraestrutura levada de auga de Sarreaus a Bande	9.222,56 €
Bande	Redacción do proxecto básico da obra "Urbanización acceso e entorno da capela visigótica de Santa Comba"	12.600,00 €
Bande	Adquisición Coitela quitaneves	5.742,00 €
Beade	Instalación de maquinaria elevador na casa do concello	24.441,20 €
Calvos de Randín	Obras de explanación en terreos de propiedade municipal para dotación de solo industrial	59.380,00 €
Gomesende	Alumeado público e obras varias de exercicio anteriores	41.000,00 €
Larouco	Arranxo saneamento do pobo de Larouco	30.000,00 €
Larouco	Arranxo piscinas	12.500,00 €
Laza	Poste repetidor TV en Camba	17.000,00 €
Lobios	Arranxo no núcleo de A Vila a estrada provincial rematando ás beirarrúas	18.000,00 €
Lobios	Arranxo local social de Grou	30.000,00 €
Maceda	Mellora de equipamentos deportivos no pavillón de Maceda	60.000,00 €
Melón	Redacción Proxecto Técnico	18.150,00 €
Melón	Mellora da rede eléctrica e alumeado público	13.553,72 €

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2016

Oímbra	Anteproxecto de ampliación e mellora das dependencias da casa do concello	20.500,00 €
Oímbra	Proxecto básico e de execución de adaptación de local para velorio en Bousés	16.364,92 €
Oímbra	Proxecto básico e de execución de adaptación de local para velorio en Videferre	14.830,00 €
Oímbra	Proxecto básico e de execución de adaptación de local para velorio en Espiño	19.038,79 €
Paderne Allariz	Adaptación velorio escola de Figueiroá	10.000,00 €
Padrenda	Arranxo depuradora	15.000,00 €
Piñor	Adquisición carpa eventos	10.000,00 €
Porqueira	Depósito en Toxal	20.000,00 €
Punxín	Pavimentación camiño Barxela-estrada de Figueiroa	9.891,75 €
Riós	Adaptación velorios en A Eirexa, A Chaira, Cortegada e San Pedro de Trasverea	22.446,00 €
Riós	Obras de acondicionamento de camiños nos núcleos rurais da Trepá e San Cristovo	13.553,72 €
Riós	Obras de mellora da eficiencia enerxética da iluminación pública nas Ferreiras	8.000,00 €
Trasmiras	Adaptación velorios	15.000,00 €
Trasmiras	Optimización enerxética de instalación de alumeado público	20.500,00 €
Verea	Cambio de carpintería e mobiliario na casa do concello	4.424,08 €
Xinzo de Limia	Instalación de máquinas de frío nos velorios municipais	44.213,40 €
Quintela de Leirado	Obras de restauración da antiga escola de Mociños para local social	27.432,52 €

Con cargo á aplicación orzamentaria **450.12/462.10**. A concellos cooperación provincial:

Beneficiario	Finalidade	Importe
Monterrei	Limpeza, conservación e mantemento do contorno do castelo de Monterrei e posta en funcionamento da oficina de Turismo	20.000,00 €
Celanova	Asesoramento urbanístico	20.000,00 €
Celanova	Inventario municipal para valoración de bens e dereitos que constitúen o patrimonio municipal	25.000,00 €
Lobeira	Traballos medioambientais	10.000,00 €
Lobeira	Brigada medioambiental	9.000,00 €
Lobeira	Contratación adxunta administración xeral	17.717,00 €
Cortegada	Mantemento do servizo de augas, alumeado e subministro de enerxía	30.000,00 €
Xunqueira de Ambía	Plan piloto creación de cooperación de horticoltura en Xunqueira de Ambía	8.000,00 €

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2016

Padrenda	Servizos medioambientais	6.000,00 €
San Cibrao das Viñas	Elaboración plan estratéxico orientado ao fomento dos recursos empresariais e turísticos do Concello	21.000,00 €
A Peroxa	Estudio navegabilidade do Miño	6.000,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria **334.20/462.11** A Concellos nominativas. Actividades culturais

Beneficiario	Finalidade	Importe
Bande	Escola de gaita, percusión, canto e pandeireta	8.006,00 €
Porqueira	Banda de Gaitas	8.000,00 €
Rairiz de Veiga	Promoción da Romaría da Saínza 2016	11.000,00 €
A Veiga	Actividades turísticas	25.000,00 €
Muíños	Animación sociocultural e socorrista no Complexo Turístico "O Corgo"	20.000,00 €
Muíños	Campamentos xuvenís, Programa Coñece Ourense	30.000,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria **231.11/462.01**. A Concellos subvencións para PAI . Acción social:

Beneficiario	Finalidade	Importe
Punxín	Gastos de transporte colectivo de persoas dependentes	5.834,40 €
A Mezquita	Funcionamento do PAI	25.000,00 €
Maceda	Axuda gardería	16.000,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria **341.11/482.09**. Escolas deportivas. Fomento do deporte:

Beneficiario	Finalidade	Importe
Federación galega balonmán	Promoción balonmán	3.500,00 €
Federación galega de Judo	Promoción judo	3.000,00 €
Club Xadrez Ourense	Promoción xadrez	3.000,00 €
Federación galega de fútbol	Promoción fútbol	3.000,00 €
Federación galega de Fútbol Sala	Promoción fútbol sala	3.000,00 €
Federación galega de ciclismo	Promoción de ciclismo	3.000,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria **334.20/489.08** Outras transferencias. Pen clube Galicia. Actividades culturais:

Beneficiario	Finalidade	Importe
Pen Clube	Celebración Congreso Internacional de escritores	30.000,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria **334.20/489.14** Outras transferencias. Actividades culturais e recreativas:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2016

Beneficiario	Finalidade	Importe
Asoc. de empresarios de perruquería e salóns de beleza Ourense	Gastos de gala	3.500,00 €
Asoc. de Pensionistas xubilados e prexubilados (ESPES)	Gastos de funcionamento	1.500,00 €
Asoc. Entrenadores fútbol O Afiador	Gastos de funcionamento	1.200,00 €
Asoc. Polígono de Barreiros	Gastos de funcionamento	20.000,00 €
Asoc. Veciños Correxais	Diversas actividades	9.000,00 €
Capela Madrigalista	Gastos de funcionamento	1.500,00 €
FETEGA	Gastos 2015 e 2016	10.367,00 €
Fundación Carlos Casares	Actividades 2016	25.000,00 €
Liceo de Ourense	Gastos de funcionamento	25.000,00 €
Fundación Festa da Historia	Festa da Istoría	23.000,00 €
Sarabela	- MITEU	15.000,00
	- Produción obra infantil “O secuestro da bibliotecaria”	10.000,00
	- FITO	20.000,00

Con cargo á aplicación orzamentaria **231.11/489.00** Atencións benéficas e sociais. Acción social:

Beneficiario	Finalidade	Importe
Fundación de Discapacitados Psíquicos de Verín	Gastos de funcionamento	26.000,00 €
COGAMI	Servizos itinerantes para discapacidade no rural	50.000,00 €
Delegación de Misións	Causa solidaria Ecuador (Manuel Rodicio)	20.000,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria **912.11/489.00** Outras transferencias. Corporación provincial:

Beneficiario	Finalidade	Importe
Fundación Curros Enríquez	Gastos de funcionamento	30.000,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria **326.11/451.00** “A Organismos Autónomos. Universidade de Vigo”:

Beneficiario	Finalidade	Importe
Universidade de Vigo	Ampliación convenio Universidade	20.000,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria **326.14/48900** “A Fundación Universidade de Vigo”:

Beneficiario	Finalidade	Importe
Fundación Universidade de Vigo	Curso didáctica da ficción e creación literaria 2014	6.000,00 €

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2016

Con cargo á aplicación orzamentaria **341.11/482.07** Rallie Ourense. Fomento do deporte:

Beneficiario	Finalidade	Importe
Escudería Ourense	Rallie Ourense	9.000,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria **341.11/489.00** Fomento do deporte. Outras transferencias:

Beneficiario	Finalidade	Importe
Escudería Luíntra	5º Rally Ourense Ribeira Sacra 2016	10.000,00 €
Escudería Celanova Motor	Subida ao Furriolo 2015	2.000,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria **341.11/462.00** A Concellos. Fomento do deporte :

Beneficiario	Finalidade	Importe
Concello de A Veiga	Grand Prix – Race Edition	10.000,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria **433.00/489.01** Outras transferencias. Desenrolo empresarial :

Beneficiario	Finalidade	Importe
Confederación de empresarios de Ourense	Desenvolvemento accións empresariais provinciais e gastos de funcionamento resto 2016	50.000,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria **924.12/789.01** Outras transferencias nominativas. Participación veciñal:

Beneficiario	Finalidade	Importe
Asfaval	Adquisición vehículo	10.000,00 €
ASVV Solveira de Paderne	Acceso a velorios e equipamento local	18.000,00 €
AAVV Palmes	Velorio	1.500,00 €
AVV Castro de Beiro	Reforma Velorio	1.500,00 €
Comunidade de Montes Veciñais e Man Común "Serra de Enciña da Lastra"	Arranxos en local social e traballos medioambientais	10.000,00 €
Coral Liceo de Ourense	Vestuario Coral	6.000,00 €
Sociedade cultural Albor	Reforma local	2.000,00 €
Amigos da Cociña Galega	Equipamento vestuario	4.000,00 €
Asociación veciñal, cultural e deportiva Golpellás	Construción dun velorio en Golpellás	10.000,00 €

3º.- Aprobar a modificación, no que se refire á especificación do capítulo IV e VII de gastos, experimentando as seguintes variacións:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2016

- Nas bases de execución do orzamento 2016 e con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “A Concellos. Cooperación provincial”, previábase unha subvención ao Concello de Oímbra para “ampliación Casa do Concello” por importe de 50.000,00. Visto que o Concello solicita que a dita subvención se destine en parte a “Equipamento para as dependencias resultantes da ampliación da casa do Concello” procédese ao dito cambio na finalidade:

Beneficiario	Finalidade	Importe
Concello de Oímbra	- Obras de ampliación da casa do Concello	30.000,00 €
	- Equipamento para as dependencias resultantes da ampliación da casa do Concello	20.000,00 €

- No expediente de modificación n.º 3/2016 e con cargo á aplicación orzamentaria 433.11/770.00 “Estación invernal. Desenvolvemento empresarial”, previábase unha subvención á Estación invernal de Manzaneda para innivación por importe de 1.500.000,00 euros. Advertido un erro na dita finalidade propónse a súa corrección, quedando da seguinte maneira:

- 433.11/860.10 Ampliación capital. Desenvolvemento empresarial

Beneficiario	Finalidade	Importe
Estación invernal de Manzaneda	Adquisición de accións	1.500.000,00 €

Procede aprobar a modificación por baixa por anulación na aplicación orzamentaria 433.11/770.00 así como un crédito extraordinario na aplicación 433.11/860.10 “Ampliación de capital. Desenvolvemento empresarial” por importe de 1.500.000,00 euros. Dito crédito extraordinario será financiado mediante a baixa por anulación á que se fai referencia.

- No expediente de modificación n.º 1/2016 e con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “A Concellos. Cooperación provincial”, previábase unha subvención ao Concello de Xinzo para escaleira de minusválidos na piscina por importe de 4.494,00 euros. Baseándose no escrito remitido polo Concello en data 07/04/2016, propónse o cambio de finalidade da dita subvención debido á existencia dun erro no que respecta á súa finalidade:

Beneficiario	Finalidade	Importe
---------------------	-------------------	----------------

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2016

Concello de Xinzo	Grúa na piscina climatizada do Concello	4.494,00 €
-------------------	---	------------

- No expediente de modificación n.º 1/2016, existe consignada unha subvención nominativa á Asociación Galega de Pizarristas por importe de 25.000,00 euros. Segundo escrito do 19 de abril de 2016 emitido pola Asociación Galega de Pizarristas, a dita subvención debéra serlle concedida ao Clúster da Pizarra de Galicia por ser esta entidade a que representa a toda a cadea de valor engadido do sector. Así, quedaría da seguinte maneira:

Beneficiario	Finalidade	Importe
Clúster da Pizarra de Galicia	Convenio de actuacións do clúster correspondentes ao ano 2016	25.000,00 €

- Nas bases de execución do orzamento 2016 e con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “A Concellos. Cooperación provincial”, prevíase unha subvención ao Concello de Boborás para “Piscina municipal” por importe de 84.750,00. Visto que o Concello solicita que dita subvención se destine a “Velatorios municipais” procédese a dito cambio na finalidade:

Beneficiario	Finalidade	Importe
Concello de Boborás	Velorios municipais	84.750,00 €

- No expediente de modificación n.º 1/2016 e con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/462.10 “A Concellos. Cooperación provincial”, prevíase unha subvención ao Concello de A Veiga para “actuacións de astroturismo” por importe de 40.000,00 euros. Baseándose no escrito remitido polo Concello en data 18/04/2016, propónse o cambio de finalidade da dita subvención debido ás novas demandas e necesidades producidas no eido municipal:

Beneficiario	Finalidade	Importe
Concello da Veiga	Actuacións no ámbito da apicultura	40.000,00 €

- No expediente de modificación n.º 1/2016 e con cargo á aplicación orzamentaria 231.11/462.01 “A Concellos subvencións para PAI. Acción social”, prevíase unha subvención ao Concello da Gudiña para “escola infantil” por importe de 26.000,00 euros. Baseándose no escrito remitido polo Concello en data 21/04/2016, propónse o

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2016

cambio de finalidade da dita subvención:

Beneficiario	Finalidade	Importe
Concello de A Gudiña	Outros servizos sociais: fomento da natalidade, servizos á infancia, xuventude e terceira idade	26.000,00 €

- Nas bases de execución do orzamento 2016 e con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “A Concellos. Cooperación provincial”, prevíase unha subvención ao Concello de Bande para “Equipamento campo de fútbol” por importe de 50.000,00. Visto que o Concello solicita o cambio na denominación da actuación, propónse o seu cambio:

Beneficiario	Finalidade	Importe
Concello de Bande	Creación, reparación e equipamento de infraestruturas deportivas	50.000,00 €

- No expediente de modificación n.º 1/2015 e con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “A Concellos. Cooperación provincial”, prevíase unha subvención ao Concello de Leiro para “pasarela peonil sobre o río Avia” por importe de 60.000,00 euros. Baseándose na modificación do convenio de colaboración entre a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, a Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Leiro, propónse o cambio de finalidade da dita subvención:

Beneficiario	Finalidade	Importe
Concello de Leiro	Senda fluvial marxe dereito río Avia en Leiro	60.000,00 €

- No expediente de modificación n.º 1/2016 e con cargo á aplicación orzamentaria **336.11/789.01** “Á Diocese de Ourense. Protección e xestión patrimonio histórico artístico” prevíase unha subvención ó Bispado de Ourense para a igrexa de Santa María de Beade en Beade por importe de 15.000,00 euros. En base ao escrito remitido polo Bispado en data 28/07/2016, propónse o cambio de finalidade de dita subvención debido á existencia dun erro no que respecta á finalidade da mesma:

Beneficiario	Finalidade	Importe
Bispado de Ourense	Igrexa de San Mauro das Regadas	15.000,00

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2016

--	--	--

4º.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público, tras o anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

6º.- ORDENANZA FISCAL PARA O ESTABLECEMENTO E REGULACIÓN DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE PESADA EN BÁSCULA INDUSTRIAL E PUNTO DE ALMACENAMENTO TEMPORAL DE RESIDUOS DA CONSTRUCCIÓN E DEMOLICIÓN NO COMPLEXO MEDIOAMBIENTAL DA BAIXA LIMIA, DE TITULARIDADE DO CONCELLO DE MUÍÑOS.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Termalismo, Turismo e Medio Ambiente.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

Don Gonzalo Pérez Jácome, portavoz de DO, di que antes se falou de Muíños e agora volta a aparecer Muíños. Comenta a afirmación do Sr. Álvarez Dobaño en canto a que o Sr. Presidente foi o primeiro en defender a capa e espada presentarse el ás eleccións, pero claro, pode dicir o que queira, porque a lexislación electoral non depende del e sabe que non se vai reformar, é como no chiste do tipo de di “agarrádeme que o mato”, e ilustra o seu argumento declarando publicamente que el, Gonzalo Pérez Jácome, desafía ao campión do mundo de boxeo na categoría dos pesos pesados.

Don Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, explícalle ao Sr. Pérez Jácome que en Muíños se emprazou hai anos un complexo medioambiental, e por certo, despois de que algún outro concello o rexeitase, porque polo visto non era ningunha industria apetecible, e tivo o concello de Muíños que ofertar os terreos para facer alí a planta de transferencia, o punto limpo e logo a canceira; e isto do que se está a tratar é unha ampliación do punto limpo para residuos da construción de pequenas obras e unha báscula, e iso é non para os cidadáns de Muíños exclusivamente, senón para toda a comarca e tamén para o Sr. Pérez Jácome se vai cun camión alí e o quere pesar, pagando a taxa

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2016

correspondente que establece a ordenanza. Engade que lle sorprende que no anterior punto algúns alcaldes votasen en contra de subvencións para os seus concellos.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto sexto da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto sexto](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14) e do Grupo Socialista (8) e a abstención de Democracia Ourenzana (2) e do BNG (1) (incluídos os votos das deputadas ausentes), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente a Ordenanza Fiscal reguladora das taxas pola prestación dos servizos de punto de almacenamento temporal de residuos da construción e demolición e báscula de peso industrial no complexo medioambiental da Baixa Limia, de titularidade do Concello de Muíños, co seguinte contido:

Título Preliminar

Artigo 1. Fundamento legal.-

A presente ordenanza fiscal apróbase en exercicio das potestades normativa e tributaria recoñecidas pola lexislación vixente á Deputación Provincial de Ourense, e no exercicio das facultades delegadas por acordo do Pleno do Concello de Muíños de 28.12.2012, de adhesión ao convenio marco de cooperación en materia de recollida de residuos sólidos urbanos suscrito entre a Deputación Provincial e os concellos da provincia. de conformidade co disposto nos artigos 6.2.a) da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de administración local de Galicia, 20.4 apartados r) e t) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 marzo, polo que se aprobou o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e na Disposición Adicional Cuarta da Lei 58/2003, de 17 de decembro Xeral Tributaria.

Título I. Da taxa polo servizo de recepción de residuos da construción e demolición no complexo medioambiental da Baixa Limia

Artigo 2. Feito impoñible.

Constitúe o feito impoñible da taxa a recepción dos residuos da construción e demolición no punto de almacenamento temporal do complexo medioambiental da Baixa Limia, que sexan entregados polos posuidores dos ditos residuos.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2016

Artigo 3.- Suxeito pasivo.

Son suxeitos pasivos da taxa regulada neste Título, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas, así como as entidades sen personalidade xurídica ás que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, que entreguen os residuos da construción e demolición no complexo.

Artigo 4.- Devindicación.

A taxa pola prestación do servizo de recepción dos residuos da construción ou demolición devindicarase no momento da entrega dos residuos de que se trate.

Artigo 5.- Cota.

A cota tributaria consistirá na aplicación dunha tarifa por entrega de residuos, establecida en función da tipoloxía e peso dos residuos entregados, conforme ao seguinte cadro de tarifas:

Residuos de tipo 1 (residuo limpo, entendendo por tal aquel que contén menos dun 20 % de impropios e máis dun 80 % de residuos valorizables consistentes en formigón, ladrillo, tella, cerámicos, metais, madeira, vidro, plásticos ou papel – cartón, sempre que non estean mesturados, contaminados ou manchados con residuos non inertes ou perigosos): 7 euros / tonelada.

Residuos de tipo 2 (residuo mesturado, entendendo por tal aquel que contén entre un 20 % e ata un 60 % de residuos impropios e un 80% e un 40 % de residuos valorizables): 14,02 euros / tonelada

Residuos de tipo 3 (residuo moi mesturado, entendendo por tal aquel que contén entre un 60 % e ata un 80 % de residuos impropios e un 40% e un 20 % de residuos valorizables): 29,91 euros / tonelada

Residuos de tipo 4 (residuo non valorizable, entendendo por tal aquel que contén máis dun 80 % de residuos impropios): 51,40 euros / tonelada.

Nos supostos en que se entreguen cantidades inferiores a unha tonelada, as tarifas aplicaranse proporcionalmente para a masa expresada nunha fracción de tonelada.

Artigo 6.- Normas de xestión.-

O pagamento da taxa será requisito previo para a entrega dos residuos no punto de almacenamento temporal. A tal efecto, a taxa esixirase en réxime de autoliquidación, que

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2016

será realizada polo interesado coa asistencia do persoal encargado da recepción dos residuos, previa a pesada destes na báscula industrial existente no complexo.

A pesada realizarse en presenza da persoa que entregue os residuos, que poderá comprobar a documentación acreditativa da verificación e control metrolóxico da báscula.

Realizado o pagamento, expedirase e entregarse ó interesado un recibo acreditativo do pagamento. En caso de desconformidade do interesado co estado da báscula, non se procederá á pesada nin á entrega dos residuos.

O pagamento poderá realizarse en efectivo, mediante calquera outro medio autorizado pola administración tributaria, sempre que nos puntos de entrega existan os medios materiais para a súa realización.

Título II. Da taxa polo servizo de báscula industrial.

Artigo 7. Feito imponible.

Constitúe o feito imponible da taxa a prestación do servizo de pesada na báscula industrial situada no complexo medioambiental da Baixa Limia.

Artigo 8. Suxeitos pasivos.

Son suxeitos pasivos da taxa regulada neste Título, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas, así como as entidades sen personalidade xurídica ás que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, que utilicen a báscula industrial do complexo.

Artigo 9. Devindicación.

A taxa devindicarase no momento da realización da pesada.

Artigo 10. Cota.

A cota tributaria será o resultado de aplicar as seguintes tarifas:

- Por pesadas de ata 10.000 kg: 1 euro por pesada.*
- Por pesadas de máis de 10.000 e ata 60.000 kg: 2 euros por pesada.*

Artigo 11. Normas de xestión.

A taxa liquidarase automaticamente ao empregar o usuario o sistema de autoservizo instalado na báscula.

O pagamento realizaranse en efectivo ou mediante tarxeta de crédito no terminal automático.

Disposición final.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2016

A presente ordenanza entrará a partir do día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.

2º) Someter a información pública, por prazo de trinta días hábiles, o acordo de aprobación inicial adoptado, mediante anuncios que se publicarán no taboleiro de anuncios da Deputación Provincial, no Boletín Oficial da Provincia e nun dos diarios de maior difusión da provincia. O prazo de información pública computarase a partir do día seguinte ao da publicación no Boletín, e durante o dito prazo os interesados poderán formular as alegacións ou suxestións que consideren oportunas, que serán obxecto de resolución expresa polo Pleno da Deputación. En caso de non formularse alegacións en prazo, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo de aprobación inicial, procedéndose á publicación da ordenanza para a súa entrada en vigor.

7º.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR PARA SOLICITAR DO GOBERNO DE ESPAÑA QUE OURENSE, EN RIÓS, ACOLLA O CENTRO NACIONAL DE REFERENCIA PARA O CASTAÑO.-

O Sr. presidente anuncia que o BNG presentou unha emenda a esta moción, e cédelle a palabra ao Grupo Popular para que expoña o seu contido.

D.^a Ana María Villarino Pardo, portavoz do Grupo Popular, di que o motivo desta moción é que temos coñecemento da futura creación dun Centro Nacional de Referencia para o castiñeiro, por parte do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente. Se Galicia é a principal referencia deste cultivo en España, a provincia de Ourense e dentro desta o municipio de Riós, ten un nome propio. Di que o argumento que fan de Riós o lugar idóneo para a localización deste centro é o traballo feito por esta casa, a Deputación Provincial e o Inorde que, no seu momento, no ano 2008, fixeron posible a construción do Centro Agroforestal do Riós (onde se tramitan subvencións para a plantación de soutos, lévanse a cabo actividades de formación e divulgación, apoio técnico para o tratamento de pragas ...), así como a realización do estudo Promercado, un traballo que fai unha análise do produto, mercado e competencia da castaña. Ao contar, no municipio de Riós, cunhas instalacións e recursos axeitados, se está a referir ao Centro de interpretación da Castaña, na localidade de Trasestrada, na que se recuperou unha antiga reitoral e preséntase a través de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2016

material diverso: maquetas, xogos interactivos, ... a importancia dos soutos e da castaña desde a súa entrada no noso territorio. Riós forma parte da Ruta Europea da Castaña, con rexións de Italia, Francia e Portugal, e concello de Riós leva máis de vinte anos, e este ano celebrarase a edición número 22 da Festa da Castaña e do Cogumelo, declarada de interese turístico galego pola Xunta de Galicia. Engade que produción do territorio anda polos 10 millóns de quilogramos, o que supón un 30% da produción de Galicia, e que podería acadar o 40% se falamos de volume de negocio. Todo isto quere dicir que en Riós se produce unha castaña de extraordinaria calidade que está ben valorada no mercado, especialmente para o seu consumo en fresco; en cambio, noutras zonas as castañas son de peor calidade e só son válidas para transformación, tipo fariña. Sinala que a área de influencia deste territorio esténdese polo sur ata a rexión de Tras os Montes (Portugal), polo norte ata a Comarca de Valdeorras e polo leste ata Sanabria en Zamora, e estamos a falar que nun radio de 50 quilómetros aproximadamente, teríamos concentrada unha produción do 50% do total producido pola Península Ibérica; e das oito variedades de castaña recomendadas pola IXP Castaña de Galicia, tres son orixinarias deste territorio (famosa, ventura e longal) e unha cuarta variedade, a xudía, é orixinaria do norte de Portugal e distribuída amplamente na comarca. Estamos pois falando de que o municipio de Riós é o berce das variedades máis apreciadas, tanto para o seu consumo en fresco como para a súa transformación. Sen dúbida, todos estes factores de peso que ven de mencionar fan de Riós o lugar idóneo para a localización do Centro Nacional de Referencia para o castiñeiro.

Don Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG, di que vai tentar expoñer a posición do seu grupo e o sentido da súa emenda. Di que a moción parte dunha serie de inexactitudes que convén clarexar previamente, e así fálase de que Riós conta cunhas instalacións axeitadas para albergar un centro destas características, e dende o seu punto de vista iso é radicalmente falso, porque estamos a falar dun centro de apenas 100 m², que conta cun aula pequena para formación, cunha dotación de persoal de tres traballadores e que está a funcionar en precario, tan en precario que para ter luz tiñan que contar ata hai pouco cun xerador, por non falar das duascenas hectáreas plantadas con castiñeiro e hoxe totalmente abandonadas, e pide que non se esqueza que neste proxecto se investiron 2,4 millóns de euros para catro actuacións en distintos municipios – A Gudiña, Vilardevós, Vilariño de Conso e Riós – e pregúntase, por certo, qué foi do edificio que

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2016

estaba proxectado na Gudiña. Por iso desde o BNG se pregunta se con estes vimbios se pretende que este centro sexa o de referencia da castaña a nivel estatal, e moito se temen que non poderá ser, porque as opcións a nivel galego coas que imos competir están a anos luz do que hoxe podemos ofertar nós. Di que imos competir nada máis e nada menos que con Lourizán e coa Estación Fitopatolóxica de Areiro de Pontevedra, que son quince veces máis grandes que o centro de Riós. Engade que un centro de referencia ten que estar necesariamente ligado a I+D+I, e ademais á formación, é dicir, ten que ser un centro que teña a correspondente homologación para poder expedir certificados de profesionalidade, e que permita poder acceder a financiamento externo a través de proxectos diversos. Sinala (e aquí xa entra na explicación da súa emenda de substitución) que en Ourense hai un centro que ao seu modo de ver reúne todas esas condicións: o Centro Tecnolóxico da Carne e Calidade Alimentaria, centro que conta con corenta persoas, dedicadas á investigación, das que quince teñen o título de doutores, e que hoxe é unha das referencias a nivel do Estado. Este centro foi a aposta durante o Goberno bipartito por centros de referencia dotados de medios e persoal, que permitiu que o capital humano máis e mellor formado poida exercer a súa actividade investigadora no noso país, sen ter que emigrar a outras latitudes a xerar alí valor engadido, e tamén foi durante este goberno de coalición cando se puxeron en marcha os contratos homologados, entre eles o da castaña, contratos que quedaron en nada unha vez que o PP chegou ao goberno. Continúa dicindo que a Xunta conta cos instrumentos precisos para unha aposta destas características, e debería ser realmente quen impulsara este proxecto, e podería facelo a través do AGACAL, axencia da que dependen Lourizán, especializado en investigación con plantas forestais, Mabegondo, relacionado con leite e pastos, e a Estación Enolóxica de Galiza ademais do citado CETECA. Estamos a falar dunha cuestión que entraría dentro das competencias da Xunta, apostando claramente por Ourense nun exemplo de discriminación positiva cara a nosa provincia, tan necesitada de estímulos destas características. Por iso, si queremos realmente que o centro de referencia quede en Ourense, e desde o BNG teñen claro que esta é a mellor ubicación posible, por todas as razóns expresadas na moción, incluída o feito de que o 70% da produción de castaña se produce na nosa provincia, temos que apostar cos mellores elementos que temos, e sen dúbida o CETECA é unha baza de primeiro orde. Matiza que isto non quere dicir que as instalacións coas que conta Riós non vullan para nada, senón que o centro de Riós

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2016

debería xogar un papel sobranceiro como centro de transferencia, por estar apegado ao terro e aos produtores, pero iso si, dependendo deste grande centro de referencia como sería o centro tecnolóxico. Polas súas características e dotación en ningún caso sería un centro de investigación, o que imposibilitaría concorrer as múltiples convocatorias que se producen cada ano, e para estar ao nivel dos nosos competidores habería que comprometer unha elevada inversión, o cal sería un contrasentido tendo en conta que xa contamos con instalacións e dotación axeitada para iso no CETECA que conta con tres plantas de 1500 m2 cada unha e corenta investigadores/as traballando nel, aulas de formación homologadas, panel de catas e todo tipo de laboratorios. Di que si queremos que Ourense gañe, non vai ser dándonos golpes de peito e alardeando de ourensanía, senón porque teñamos unha visión ampla e fuxamos dese minifundismo do que moitas veces fai gala esta Deputación (que é incapaz de chegar a ningún acordo coa Xunta de Galiza, porque descoñecen a existencia dalgún proxecto común entre a Xunta e a Deputación nesta materia) asumindo proxectos que deberían asumir outros, para que logo queden en augas de borralla, como tantas veces ten acontecido. O Grupo do BNG presenta unha emenda de substitución, cuxa parte dispositiva (que substituiría á da moción presentada polo PP) é a seguinte:

Instar ao goberno da Xunta de Galiza a que solicite do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente do Goberno de España a creación do Centro de Referencia Para o Castiñeiro na Provincia de Ourense, xestionado a través do CETECA (Centro Tecnolóxico da Carne e Calidade Alimentaria), centro do que dependerán, previo convenio Deputación - Xunta, as instalacións cos que actualmente conta o concello de Riós, aos efectos de que este sexa un centro de transferencia da castaña.

Don Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de DO, anuncia a abstención do seu grupo. Di que non teñen nada en contra do municipio de Riós, e que el persoalmente pretendeu coñecer o centro de desenvolvemento agroforestal, pretendeuno porque, as tres ou catro veces que foi por alí, non había ninguén e o centro estaba pechado, e agora a intervención do portavoz do BNG deulle algunhas claves de por qué podía estar pechado. Engade ao fío disto que a ubicación do centro non é doada de atopar, porque está afastado das vías principais de comunicación. Imaxina que a castaña de Riós é tan boa como se acaba de dicir, aínda que estes días atrás, estando en Laza, houbo persoas que, pode que por chauvinismo, lle dixeron que a castaña de Laza era aínda mellor. Dende logo, é certo que o

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2016

concello de Riós, e en particular o seu alcalde, leva feito moitas actividades e xestións para promover a castaña. DO non vai adoptar unha postura nin a favor nin en contra neste asunto porque non saben se Riós, que sempre foi un municipio con moita actividade de venda de castaña, é o mellor sitio, ou se hai outros lugares de Galicia que poden avantaxarnos nese tema, como dicía o portavoz do BNG. Di que ao mellor había que profundar máis neste tema, e comenta tamén que hai algúns problemas aos que había que atopar solución, como o das avésporas que secan os castiñeiros, un problema que xurdiu porque non se acometeu unha solución xa nos seus inicios, cando se deron os primeiros casos de castiñeiros afectados. Pero, en principio, vanse abster porque non teñen información suficiente para saber se o que propón o PP ou a emenda do BNG son a mellor opción.

Dona Ana María Villarino Pardo, portavoz do Grupo do BNG, dille ao Sr. Ojea Bouzo que pode asegurarlle que a comarca apoia que o centro se faga no centro de Riós, e aquí no plenario hai algún outro alcalde da comarca que o pode confirmar, e así se acordo nos plenos dos distintos concellos que forman a comarca de Monterrei e na propia Mancomunidade de Municipios. Pide que non se fagan localismos e se faga territorio. Con respecto ao Sr. Rodríguez Suárez, dille que van votar en contra da súa emenda porque desvirtúa por completo a moción que presenta o Grupo Popular. De entrada, di que non propoñen instar á Xunta de Galicia, como di o BNG, senón ao Goberno de España, que é o que ten as competencias neste asunto, engadindo que a súa moción é moito máis ambiciosa ca do BNG, porque eles buscan ter un centro nacional de referencia en Riós. Aclara que a súa moción solicita o centro nacional de referencia, non se di que xa se teña o edificio, senón que temos recursos e produto para traballar neste tema no que cre que somos pioneiros e podemos competir con calquera outra rexión de Galicia e de España.

Don Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG, di que cre que é ao revés, e que a súa emenda era realmente máis ambiciosa que a moción do PP; di que dende logo a posición do BNG non le quita méritos ao concello de Riós, e non vai repetir os seus argumentos da primeira intervención de por qué entenden que isto hai que pedirlo á Xunta, e que ten que ser esta a que se dirixa ao Ministerio para solicitar este centro de referencia, e por qué ten que ser a través do Centro Tecnolóxico da Carne e a Calidade Alimentaria, porque cre que quedaron claros os argumentos para solicitar que se faga deste xeito. Di que todo isto se pode resumir nunha frase: se queremos competir en primeira división, temos

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2016

que ir cun equipo de primeira división, e non cun de segunda rexional; e coa súa emenda entendían que iríamos cun equipo de primeira división, porque o Centro Tecnolóxico da Carne dispón xa dos medios e do persoal investigador para servir de base ao centro da castaña; en todo caso, deduce da intervención da voceira do Grupo Popular que no concello de Riós está todo practicamente por facer, e non sabe si se fará e quen o fará, se o fará a propia Deputación asumindo como sempre competencias que lle son impropias, ou se llo pedirá á Xunta de Galicia, ou como será, e ao final todo son inconcrecións, en tanto que a emenda do BNG incorporaba unha proposta clara ao respecto para conseguir que ese centro nacional viñese á provincia de Ourense, co cal a súa posición fronte á moción do PP, dado que se rexeita a súa emenda, vai ser a da abstención.

Don Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de DO, dille á portavoz do Grupo Popular que DO non se sente vinculada polos acordos que poidan ter adoptado os concellos da comarca, porque non teñen representación alí, aínda que agarda que para as próximas eleccións municipais si a teñan. Por esa mesma razón se absteñen, porque non teñen suficiente información nin coñecen o sector, e lembra que hai outras zonas na provincia onde tamén hai produción de castiñeiros, por exemplo, na zona de Luíntra e no canón do Sil.

Dona Ana María Villarino Pardo, portavoz do Grupo Popular, dille ao Sr. Ojea Bouzo que non lle augura tan bos resultados na comarca de Monterrei. Di que nunha zona de montaña interior, como é esta comarca, atinxida por problemas como o avellentamento da poboación e o seu despoboamento, resulta dunha importancia vital apostar polo mantemento dunha produción economicamente rendible e por un produto deficitario pola alta demanda deste nos mercados de todo o mundo (e lembra neste senso que Europa ten que recorrer á importación dende países como China, Turquía ou Corea para satisfacer a súa demanda). Remata afirmando que apostando pola castaña, apostando polo centro nacional de referencia do castiñeiro en Riós, estaremos apostando polo rural e, en definitiva, apostaremos pola provincia de Ourense.

O contido íntegro das intervencións transcricas anteriormente recóllese no punto sétimo da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto sétimo](#)

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2016

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación en primeiro lugar a emenda presentada polo BNG, que é rexeitada ao obter o voto favorable do BNG (1), a abstención do Grupo Socialista (7) e de Democracia Ourensana (2) e o voto en contra do Grupo Popular (13).

A continuación sométese a votación a moción, e co voto favorable do Grupo Popular (14) e do Grupo Socialista (8) e a abstención de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1) (incluídos os votos das deputadas ausentes), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Solicitalle ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente do Goberno de España que decida a creación do Centro de Referencia para o Castaño e a súa localización en Riós, provincia de Ourense.

2º.- Remitirlle copia deste acordo ao Presidente da Xunta de Galicia.

8º.- MOCIÓN DO BNG SOBRE A RECUPERACIÓN DA MEMORIA HISTÓRICA E DE CONDENA DA DITADURA FRANQUISTA.-

O Sr. presidente anuncia que o Grupo Popular presentou unha emenda de substitución á moción, e que o BNG presentou unha emenda de adición á emenda que presentou o Grupo Popular. Cédelle a palabra ao BNG para que defenda o seu contido.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG, da lectura á maior parte da exposición de motivos da moción, co seguinte texto:

O 18 de xullo de 2016 cúmprense 80 anos do golpe de Estado militar contra o réxime democrático vixente no Estado español. Un levantamento militar que en Galiza foi orixe dunha cruenta e brutal represión ao longo dos anos da guerra e durante todo o período da Ditadura franquista.

A represión foi especialmente violenta nos anos da guerra e materializouse en Galiza no asasinato de máis de 5.000 persoas e noutras múltiples formas de violencia física.

Nos anos da guerra e ao longo de toda a Ditadura franquista, a represión tivo outras múltiples manifestacións: depuración laboral, sancións económicas, expolio de bens, persecución ideolóxica, acoso psicolóxico, exclusión social, etc. A imposición violenta da ideoloxía, da moral, da educación e dos valores franquistas afectou a toda a sociedade e os seus efectos prolongáronse no tempo máis alá de 1975.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2016

O exercicio da memoria histórica, o coñecemento da verdade, a xustiza, a reparación e rehabilitación das persoas perseguidas polo fascismo, son dereitos humanos fundamentais que temos como sociedade e obrigas que adquirimos coas vítimas e as súas familias.

Malia ter transcorrido xa máis de 40 anos do final da Ditadura e da restauración do réxime democrático, o Estado español carece dunha auténtica política pública da memoria que permita o coñecemento da verdade histórica, a reparación e rehabilitación das vítimas, o exercicio da xustiza e a superación da fenda e das feridas físicas e morais causadas polo levantamento militar e a Ditadura. Así aparece recollido no informe do relator da ONU para os dereitos humanos, Pablo de Greiff, que pon de manifesto as eivas, carencias e obrigas do Estado español en relación con esta materia.

As institucións públicas deben ter un posicionamento claro de condena do golpe de Estado do 36, da ditadura franquista e da brutal represión que sufriron miles de galegos e galegas ao longo dese terrible período histórico.

O 80 aniversario do inicio da represión constitúe unha boa oportunidade para expresar o compromiso cos valores democráticos e a condena da Ditadura franquista. No caso dos concellos e deputacións, existe ademais unha obriga ética e política clara a este respecto porque, por unha parte, dirixentes políticos destas institucións e persoal ao seu servizo foron obxecto de represión e persecución en forma de asasinato, cárcere, depuración e outras múltiples formas de violencia. E, por outra, as institucións locais foron parte do aparato administrativo e político que impuxo a Ditadura, o terror e a toda a súa parafernalia simbólica en Galiza.

A Deputación ten na súa web un apartado adicado á represión na Provincia de Ourense, e aínda que é un pequeno paso cara adiante, fáltalle dotala de contido.

(...)

É por iso que, en base ao anterior exposto, SOLICITAMOS ao Pleno da Deputación de Ourense que adopte o seguinte ACORDO:

1- A Deputación expresa a súa condena do golpe de estado militar de 1936 e da Ditadura franquista

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2016

2. *A Deputación promoverá ao longo do ano 2016 o desenvolvemento dun programa de actividades –en colaboración con entidades da memoria e concellos- arredor da memoria histórica, a represión e a resistencia contra o fascismo.*

3. *A Deputación organizará unha homenaxe pública aos cargos políticos e aos traballadores e traballadoras dos concellos da Provincia e da propia Institución que foron vítimas da represión franquista.*

4. *A Deputación acorda a eliminación, supresión ou anulación dos acordos, distincións e símbolos, se os houber, que reflectan a adhesión e colaboración da institución coa Ditadura.*

O **Sr. Rodríguez Suárez** di que esta era a súa moción orixinal, e que o Grupo Popular presentou unha emenda de substitución na que os acordos a adoptar serían os seguintes:

1. *Manifestar a súa condena ao golpe de Estado perpetrado por Franco, ao réxime ditatorial consecuencia deste golpe de Estado e aos crimes e represións exercidos sobre as persoas vencidas.*

2. *Eliminar, suprimir o anular os acordos, distincións e símbolos, se os houber, que reflectan a adhesión e colaboración da institución coa ditadura.”*

O **Sr. Rodríguez Suárez** di que esta emenda que se nos presenta é parte da declaración institucional consensuada polos grupos do Parlamento de Galicia, no que, o día 18 de xullo deste ano aprobouse, con motivo dos oitenta anos do alzamento, a seguinte declaración:

O Parlamento de Galiza, ao se cumprir o 80 aniversario dos tráxicos acontecementos que provocaron a Guerra Civil e a posterior ditadura franquista, quere reiterar a súa condena ao golpe de Estado perpetrado por Franco o 18 de xullo de 1936, ao réxime ditatorial consecuencia deste golpe de Estado e aos crimes e represións exercidos sobre as persoas vencidas.

Así mesmo, o Parlamento de Galicia reitera a importancia de proseguir coas accións dirixidas a recuperar e dignificar a memoria das vítimas da represión exercida na Guerra Civil e durante o franquismo, eliminar os símbolos, as denominacións e as referencias franquistas de rúas e edificios públicos, así como a colaborar na identificación dos desaparecidos e soterrados en fosas comúns durante a ditadura franquista.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2016

O **Sr. Rodríguez Suárez** comenta ao respecto que, polo que se aprecia, a única cuestión que fica á marxe é a relativa a dignificación da memoria histórica, polo que - en liña co xa pactado polos grupos no parlamento galego-, o seu grupo propón engadir na emenda do Grupo Popular un terceiro apartado que recolla o que falta, coas reservas das competencias que ten a deputación, co texto seguinte:

Instar a que as institucións e administracións competentes prosigan coas accións dirixidas a recuperar e dignificar a memoria das vítimas da represión exercida na Guerra Civil e durante o franquismo, e as relativas á colaboración na identificación dos desaparecidos e soterrados en fosas comúns durante a ditadura franquista.

En resumo, o **Sr. Rodríguez Suárez** cre que todos estamos de acordo no espírito da moción, e o seu grupo aceptaría a emenda do Grupo Popular sempre que se engada a súa emenda de adición, que a fin de contas xa estaba no acordo adoptado o pasado 18 de xullo no Parlamento de Galicia.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

Don Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de DO, di que antes, cando o seu compañeiro o Sr. Ojea Bouzo dicía que DO conseguiría representación na comarca de Monterrei nas vindeiras eleccións, os deputados do PP ríanse, e o que máis ría era o Sr. Fernández Fernández, e di que a este deputado amólalle que DO poida conseguir votos en A Merca, que é onde o Sr. Fernández (que foi alcalde dese concello) ten o seu corazónciño, e aproveita para contar unha anécdota de cando o Sr. Fernández exercía de médico alí, porque é unha anécdota moi *cachonda*: resulta que cando o Sr. Fernández estaba de alcalde e de médico na Merca veu un paciente, e ao saír da consulta morreu alí, nas escaleiras, e entón a enfermeira díxolle a don Rosendo que o paciente ao que lle acababa de dicir que estaba ben, morrera nas escaleiras, e don Rosendo retrucoulle entón: “Ímolo colocar como que estaba entrando”. Aclara que a anécdota non é real, senón que é un chiste. Entrando no debate sobre a moción, di que cando os servizos de intelixencia de DO lle informaron de que o BNG estaba a preparar unha moción sobre a condena do golpe de Estado, sorprendeuse, porque non lle vía o sentido a condenar o golpe de Estado do 23 – F de 1981, trinta e cinco anos despois; ata que lles chegou a moción e resultado que non trataba do 23 – F, senón de 1936. Cre que isto é totalmente electoralista e está fóra de lugar, e cre que estes feitos xa están condenados pola sociedade, como demostran os resultados das eleccións. Di

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2016

que se a moción fose coherente e non electoralista, tería que incluír tamén o golpe do 23 – F, e por qué non, tamén o golpe de 1934 contra a Segunda República, e xa postos, tamén condenar o golpe de estado do comité revolucionario dos capitáns Fermín Galán e Ángel García, o golpe de Estado de Primo de Rivera, os trinta e cinco golpes de Estado de carácter liberal producidos despois da morte de Fernando VII, as insurreccións carlistas e as súas tres guerras civís, a invasión francesa de Napoléon e tódalas atrocidades que cometeu o seu exército ... Reitera que é unha medida electoralista, e que o PP, cheo de complexos, báilalle a auga ao BNG neste asunto. Di que lle gustaría que o BNG fixera como DO, que condena calquera ditadura, porque o BNG, cando se fala de Fidel Castro e de Cuba, pecha a boca, aí non queren dicir nada. Cre que isto está totalmente fóra de lugar, despois de oitenta anos.

Don Manuel Doval Soto, portavoz do Grupo Popular, di que o espírito da moción está claro, e o seu grupo está de acordo. Lamenta que isto se tome con certa alegría por parte de algúns. Amosa o seu respecto ás vítimas e ás súas familias, como non podía ser doutro xeito nun Estado social e democrático de Dereito que nos demos todos, cunha Constitución que consagra os dereito de tódolos españois. Di que cre que a palabra consenso é unha das máis importantes que se levan pronunciado en todos estes anos nos parlamentos, e tamén hoxe aquí nesta deputación, o que o aleda. Di que estamos facendo noso o acordo do Parlamento de Galicia, adoptado por unanimidade e por consenso entre tódolos grupos parlamentarios, xa en 2015 e agora de novo en 2016. Di que a Deputación leva traballando neste tema bastante tempo, como recoñeceu a propia moción do BNG, e debe engadir que non coñece ningunha outra deputación no Estadio español que o leve feito como esta, e isto non quere dicir que estea todo feito, polo que imos seguir na mesma liña, como se fixo ata o de agora, porque é o que merecen todas as vítimas dese feito lutuoso que xamais se debeu ter producido.

Don Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG, en referencia ao manifestado polo portavoz de DO, di que cre que non leu tódolos puntos da moción, porque a condena ao alzamento militar é só o primeiro, e a moción contempla tamén toda unha serie de accións simbólicas de reparación da honra das vítimas, supresión de símbolos franquistas, darlle un enterro digno aos represaliados cuxos restos están aínda nas cunetas e que merecen ese recoñecemento, eles e os seus familiares aínda vivos. Di que o Estado español é, despois de Cambodia, o territorio do mundo con maior número de persoas

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2016

desaparecidas e sen identificar por procesos de represión política. Aproximadamente son 114.226 as mulleres e homes que continúan soterrados en foxas comúns, de acordo coas cifras que manexan as asociacións para a recuperación da memoria histórica. Após a morte do ditador, Francisco Franco, hai corenta anos, non houbo unha Lei de Memoria Histórica até o ano 2007, e a Transición non foi un proceso de ruptura, senón de adaptación o que permitiu que países como Galiza estivesen gobernados durante case dúas décadas por dirixentes políticos do antigo réxime, como Manuel Fraga, mentres que a investigación dos crimes da ditadura caeu no baleiro. Impúxose a lei do silencio e o esquecemento, o que perpetúa a memoria dos asasinados, dos represores. Non hai país no mundo que permita a actividade e a homenaxe dos protagonistas da represión. Franco aínda está vivo na memoria de moitos nostálgicos: en Ourense temos un claro exemplo co alcalde de Beade, que a diferenza de outros, manifesta públicamente o que pensa, ou no caso de Madrid, a misa que se celebra o 20 de novembro no Val dos Caídos, ou o desfile fascista que percorrerá, desde a Praza de Oriente, as rúas da capital española. Di que temos que empurrar para que isto remate, para que haxa unha lexislación que repare a ferida e restaure a memoria, algo que na Galiza se tentou levar a cabo en 2006 cando, declarado o Ano da Memoria, botaba a andar un proxecto hoxe decapitado, anulado, esquecido e mesmo para moitas persoas, nomeadamente as máis novas, descoñecido. Di que *Nomes e Voces* foi un proxecto de investigación desenvolvido de maneira mancomunada entre as tres universidades galegas cuxo obxectivo era "estudar a represión franquista durante a Guerra Civil e a ditadura, e ofrecer á sociedade os datos relativos ás persoas que sufriron algún tipo de persecución por mor da súa ideoloxía ou da súa posición favorable á democracia republicana", como explican no portal web aínda dispoñible para consulta, e este proxecto pescudou as identidades das persoas asasinadas, torturadas, condenadas, fusiladas, perseguidas, exiliadas; mais tamén desenvolveu unha cartografía da represión na que se identificaron máis de 400 foxas comúns (das que algunhas foron escavadas, porén tiveron que facelo ao abeiro da iniciativa privada, a través de asociacións, pois a lexislación aprobada en 2007 impedía que fose a administración pública quen promovese a súa abertura, o que considera un paradoxo), mapas e informes facendo un percorrido pola xeografía da represión fascista na Galiza entre os anos 1936 e 1939, á espera de que, algún día, a súa memoria saia á luz. Di que o franquismo non marchou, porque Franco deixou todo atado e ben atado, e que a

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2016

lei debería contemplar unha expropiación temporal para poder escavar onde haxa restos de represaliados, porque como dixo Lorenzo Varela nun dos seus poemas, "aramos sobre os mortos desta terra".

Don Gonzalo Pérez Jácome, portavoz de DO, di que si esta moción chega a Pleno foi grazas aos votos do Grupo Socialista, que a votou nunha comisión á que o Grupo do BNG non acudiu. Di que na moción no se fala para nada de dar enterros dignos a persoas que o merezan, e do que fala é da condena electoralista, da organización de actividades e de homenaxes públicos, e da supresión de símbolos franquistas. Di que por outra banda non se pode condenar só as atrocidades que levou a cabo un dos bandos. Respecto da referencia a Manuel Fraga, di que el sempre considerou que Fraga era unha persoa en torno ao que se creou un mito de que era un gran xestor, e iso non é verdade, cre que foi un déspota e un mal xestor, pero chama a atención que non se fale aquí tamén de certos alcaldes do BNG que ben que encomian a Fidel Castro e nunca falan de condenar a ditadura de Cuba, co que só están en contra das ditaduras de dereitas, pero non en contra das ditaduras de esquerdas. DO está en contra de tódalas ditaduras, e reitera que isto non é máis que electoralismo, está fóra de lugar e non ven a axudar a nada respecto dos enterros das vítimas.

Don Manuel Doval Soto, portavoz do Grupo Popular, di que o seu Grupo Popular non se vai afastar do consenso acadado no Parlamento de Galicia, e lamenta que o Grupo do BNG, na súa segunda intervención, en lugar de camiñar cara ao consenso, destapase outras cousas que cre non teñen que ver co espírito da moción. Propón que se someta a votación a emenda de substitución do Grupo Popular, coa emenda de adición que formulou o BNG, o que demostra o seu espírito de consenso, e cre que o mesmo pensan o resto dos grupos.

Don Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG, di que non estivo presente na comisión informativa por motivos persoais que foron debidamente comunicados, co que non ve ningún problema por esa cuestión. En canto á acusación de electoralismo, di que o 80º aniversario do alzamento é o que é, e non é electoralista, como demostra o consenso co PP nesta moción e o feito de que se recolla o acordo do Parlamento de Galicia. E respecto ao resto de cousas que di o portavoz de DO, di que a emenda de adición do BNG di literalmente "*instar a que as institucións e administracións competentes prosigan coas accións dirixidas a recuperar e dignificar a memoria das vítimas da*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2016

represión exercida na Guerra Civil e durante o franquismo, e as relativas á colaboración na identificación dos desaparecidos e soterrados en fosas comúns durante a ditadura franquista”, co que si se recolle a finalidade de dar enterros dignos ás vítimas. Anuncia o voto favorable do seu grupo, nos termos do consenso acadado.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto oitavo da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto oitavo](#)

Non se producen máis intervencións e conforme se deduce das intervencións anteriores, e coa conformidade do Grupo do BNG, a Presidencia somete a votación a proposta que fixo o Grupo Popular coa emenda de adición proposta polo BNG. Co voto favorable do Grupo Popular (13), do Grupo Socialista (7) e do BNG (1) e a abstención de Democracia Ourensana (2) , o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Manifestar a súa condena ao golpe de Estado perpetrado por Franco, ao réxime ditatorial consecuencia deste golpe de Estado e aos crimes e represións exercidos sobre as persoas vencidas.

2º.- Eliminar, suprimir ou anular os acordos, distincións e símbolos, se os houbese, que reflectan a adhesión e colaboración da institución coa ditadura.

3º.- Instar a que as institucións e administracións competentes prosigan coas accións dirixidas a recuperar e dignificar a memoria das vítimas da represión exercida na Guerra Civil e durante o franquismo, e as relativas á colaboración na identificación dos desaparecidos e soterrados en fosas comúns durante a ditadura franquista.

9º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan mocións de urxencia, e o Sr. presidente cédelle a palabra ao Sr. Álvarez Dobaño, que solicitou intervir neste punto.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que quere intervir moi brevemente, por respecto ao manifestado polo Sr. Gómez Pérez no punto 2º da orde do día. Di que a circular da Presidencia non é máis que unha circular interna, polo visto suxeita a interpretacións, pero ás veces da a impresión de que se prefire máis montar este numerións, que discutir as propias mocións que se presentan. Di que o propio Grupo Socialista no texto das súas mocións di que espera que sexan admitidas pola vía da urxencia. Cre que hai unha falla de respecto aos cidadáns, porque os grupos políticos na

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2016

Deputación nunca tiveron tantos medios, e en anos nos que el estivo de portavoz non tiña a ninguén que o axudase, e agora ten un montón de xente que lle axuda no que precise. Di que, por exemplo, o Grupo Socialista vai percibir nos catro anos de mandato máis dun millón e medio de euros, DO máis de medio millón e o BNG máis de catrocentos mil, e si con iso non somos capaces de presentar mocións importantes, e as queremos presentar xustíño cando ven a convocatoria das comisións, é para ser malpensado e pensar se non se montarán estes numeríños para ter resonancia nos medios de comunicación. Pregúntase ademais se estas mocións son tan urxentes que non se poidan presentar quince días antes, ou de hoxe para o vindeiro Pleno. Di que leccións de democracias, as xustas, e que hai uns procedementos que se deben respectar, e que temos máis medios que nunca, e nalgún caso é escandaloso que con estes medios teñamos que presentar mocións a véspera.

Don Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG, advirte graves contradicións no discurso do Sr. Álvarez Dobaño, que di que temos máis medios que nunca para facer o noso traballo pero que logo admite que ese traballo non se fai efectivo por unha simple cuestión formal. Engade que si o PP cre que isto de presentar mocións se fai para ter maior resonancia nos medios o tiña moi doado, con tal de votar a favor da declaración de urxencia o circo mediático quedaba automaticamente desactivado. Cre que se está a utilizar un mecanismo formal para adiar debates e taparlle a boca á oposición.

Don Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de DO, di que unha das súas mocións foi inadmitida a trámite por presentarse fóra de prazo, e os que estaban na comisión lembrarán que el non dixo nada sobre o asunto, porque efectivamente estaba fóra de prazo conforme á normativa. O que si é certo é que existe esa circular da Presidencia, que non é unha norma, é unha *gracia* outorgada en termos políticos, pero como di o refrán, Santa Rita, Rita, Rita, o que se da non se quita, e cando alguén concede unha *gracia*, non debe quitala, e non lle serve o que di o Sr. Álvarez Dobaño en canto ao contido da circular, que non cre que sexa interpretable, porque fala en termos claros e pouco ambiguos, e dicía sinxelamente que se podían presentar mocións ata o día das comisións. Polo exposto, non farán caso a ningunha outra circular que haxa no futuro, visto que non se respectan, e cinguiranse á normativa de procedemento. Dille ao Sr. Álvarez Dobaño que se lle esqueceu dicir os medios de que dispón o Grupo Popular (nese momento, o seu compañeiro de grupo, o Sr. Pérez Jácome, apunta que son uns 3 millóns de euros nos catro anos). Remata dicindo

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2016

que se con isto o Grupo Popular pretendía rebaixar o eco mediático das mocións, o efecto será todo o contrario, porque por exemplo, a moción de DO que non se admitiu nas comisións deste mes, volverán a presentala en setembro, co que o seu eco será dobre.

Don Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que efectivamente, teñen 3 millóns de euros, coa representación que teñen, e DO ten o que corresponde coa que teñen eles, e os demais o mesmo, e que si vamos a outras institucións, como o Concello de Ourense, nos podemos marear todos coas cifras. Di que ao Sr. Rodríguez Suárez o traizoou o subconsciente ao empregar a expresión “circo mediático”, que el non empregou en ningún momento, senón unha expresión máis suave, e pregúntase por qué os grupos da oposición non presentan as súas mocións con tempo, cal é a razón, e se as presentan a tempo xa non haberá ningunha discusión, porque non haberá ningún argumento para non tramitalas, e estas mesmas mocións que se querían presentar para este pleno pódense rexistrar xa para o pleno de setembro. Di que o Grupo Popular non ten por qué facer seguidismo das interpretacións da circular e da normativa que faga a oposición. Di que tamén ao Sr. Ojea Bouzo o traizoa o subconsciente ao falar do eco mediático das mocións, porque é evidente que o que pretende é que a súa moción teña dobre eco. Subliña que a competencia para formar a orde do día é do Sr. Presidente, non dos grupos. Remata pedindo que se empreguen os medios a disposición dos grupos para que as mocións se presenten en tempo e forma, porque iso é o que nos piden os cidadáns, e non que montemos circos mediáticos, segundo a expresión do Sr. Rodríguez Suárez.

Con esta intervención, dáse por rematado este breve debate. O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto noveno da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto noveno](#)

10º.- DACIÓN DE CONTA DAS SEGUINTE RELACIÓNS DE DECRETOS:

En cumprimento do establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades Locais (aprobado por Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao pleno das seguintes relacións de decretos:

- Presidencia: mes de xuño de 2016 e dos seguintes adicionais 3º de xaneiro, 2º de abril e 1º de maio de 2016.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2016

- Deputado delegado de Facenda: mes de xuño de 2016 e dos seguintes adicionais: 2º de abril e 1º de maio de 2016.
- Deputado delegado de Administración Provincial: mes de xuño de 2016.
- Deputado delegado de Cooperación e Seguimento do Mandato 2015-2019: mes de xuño de 2016.

11º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG, manifesta que ten dúas preguntas e un rogo. En primeiro lugar, di que en datas recentes, vense de presentar o logo Ourensanía. A única información da que dispomos é a que apareceu na web da Deputación e nos distintos medios de comunicación, pero en ningún deles se fai mención a cal foi o procedemento para elección da empresa que finalmente deseñou o logo, e cal foi o custo deste. Sabemos que a adxudicación se fixo a través dun contrato menor e por importe de 17.200 euros. Pregunta ao Sr. Presidente se lle podería remitir o informe do departamento de comunicación, que determinou a elección da empresa Stem Comunicación, e di que do mesmo xeito queren saber cal foi o custo do acto no que se presentou o logo, incluíndo convidados e convidadas.

O **Sr. presidente** manifesta que responderá por escrito.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG, manifesta que en días pasados o Sr. presidente estivo en EE.UU convidado polo Partido Demócrata, e di que é dificilmente entendible que unha persoa politicamente conservadora, acuda a unha convención demócrata. Isto afianza máis a nosa idea de que o acordo coa fundación Advanced Leadership foi, non tanto, unha aposta polos sectores estratéxicos de Ourense, senón o pago por facer *lobby* para que o resultado final fora este, que vostede fora convidado á convención demócrata. Non é de estrañar pois que o seu valedor nos EE.UU sexa unha persoa, Juan Verde, que ten colaborado como asesor do actual Presidente do EE.UU. Pregúntalle ao Sr Presidente se pode dicir en calidade de que foi convidado á convención do Partido Demócrata e por quén.

O **Sr. presidente** manifesta que responderá por escrito.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG, dille ao Sr. presidente que desde hai tempo os barómetros do CIS demostran que aos cidadáns e cidadás lles preocupa case

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2016

tanto a calidade democrática de vida como o nivel económico de vida. Se os dous primeiros lugares do *ranking* de problemas percibidos están ocupados polo paro e a crise, o terceiro rango ocúpao a clase política. Por iso, non basta con utilizar palabras grandilocuentes como transparencia, senón obrar en consecuencia non furtando o debate e intercambio de pareceres. Esa é a verdadeira democracia. Pero para exemplo de antidemócrata, a actual alcaldesa da Bola, actualmente no seu partido, o PP, que non respecta nin as normas das que nos dotamos ademais de exercer un claro desprezo á oposición política, tan lexítimos representantes do pobo como ela. Durante o que levamos de mandato leva *ninguneado* á portavoz do BNG negándose sistematicamente a contestar todas e cada unha das preguntas formuladas por esta, e xa nun alarde de prepotencia sen límites, nin tan sequera a convocar o pleno extraordinario solicitado en tempo e forma pola concelleira xunto cos restantes do grupo do BNG, que supoñen máis da cuarta parte dos membros da corporación local, pleno solicitado en data 20 de xuño de 2016. O dito pleno non foi convocado dentro dos 15 días hábiles que estipula a normativa de réxime local. Así mesmo tampouco foi activado o mecanismo de convocatoria automática por parte do secretario da Corporación que regula a dita normativa, onde taxativamente se indica que ha de ser convocado automaticamente no décimo día hábil seguinte á finalización do prazo inicial que ten para convocalo a alcaldesa da Corporación. Os feitos descritos revelan unha conduta antixurídica da alcaldesa, que vulnera dereitos fundamentais dos concelleiros, por non convocar legalmente un pleno extraordinario. Maior gravidade reviste porque a propia corrección prevista na lei ante as inobservancias legais de autoridades municipais, que implica a actuación automática e directa de funcionarios municipais encargados de velar polo cumprimento da legalidade na administración local, non se aplicou neste caso, sendo un abandono de funcións que debe ser reparada, e mesmo se é o caso, adoptar as medidas disciplinarias que correspondan. Entendemos que corresponde a esta administración a tutela e aseguranza da correcta aplicación da normativa local nas entidades locais, polo que sendo evidente que polas autoridades e funcionarios encargados de aplicar as mínimas normas de funcionamento no concello da Bola estanse a conculcar deliberadamente, é polo que rogamos que por parte dos servizos xurídicos desta Deputación se emita un informe a respecto das consecuencias desta actitude antidemocrática e antixurídica e por parte desta Presidencia se inste á

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2016

alcaldesa, do seu partido, a que convoque, á maior brevidade posíbel, o pleno solicitado pola oposición.

O **Sr. presidente** responde que toma nota do rogo.

D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz de Democracia Ourensana, di que está moi decepcionado polo feito de que non se puidese debater a moción de DO sobre o recoñecemento do Sr. Presidente, non ten sentido dilatar este recoñecemento e o acto de exaltación da figura do seu líder ideolóxico, e non entende que o Grupo Popular dilate algo así. Lembra un refrán galego que di “vai falar de merda o que máis cagado está”. Di isto porque o Sr. Álvarez Dobaño falou dos recursos que a Deputación lle destina á oposición, pero non di nada dos que se lle destinan ao Grupo Popular, que botando cálculos entre asesores e demais e con Seguridade Social vai aos cinco millóns de euros. Roga que se lle dean por escrito os cálculos de canto lle custa á Deputación de Ourense todo o persoal de confianza, todas as dedicacións exclusivas, máis os trece mil euros ao mes que recibe o Partido Popular, que vai a uns cinco millóns de euros. Iso é dez veces máis que o que recibe Democracia Ourensana en catro anos, cando o Partido Popular ten catorce deputados e Democracia Ourensana dous, polo que proporcionalmente o PP recibe moito máis.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, rógalle ao Sr. Presidente que, coa maior celeridade posible e para coñecemento de todos, lle responda ao Sr. Pérez Jácome sobre os fondos que recibe cada grupo, porque deu varios datos totalmente erróneos. Os deputados do Grupo Popular fan o seu traballo humildemente, el como portavoz nunca estivo tan arroupado, e nunca lle fixeron as cousas tan ben como agora, porque agora ten uns medios que non tiña antes. Rógalle á oposición que tamén fagan o seu traballo a tempo e en forma. Reitéralle ao Sr. Presidente que aclare pronto que recursos recibe cada grupo, porque o que se dixo aquí é bastante grave. Lembra que isto foi negociado entre todos os grupos, menos un grupo, DO, que estivo de acordo nas xuntanzas, e logo, vinte minutos antes do pleno se descolgou do acordo porque xa conseguira o que quería, coa intencións de quedar ben ante a galería.

O **Sr. presidente** toma nota do rogo.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2016

E, ás 11.50 horas do día vinte e nove de xullo do ano dous mil dezaseis, o Sr. presidente deu por rematada a devandita sesión ordinaria do Pleno da Deputación de Ourense, da que se redacta a presente acta, que se asinará segundo o legalmente establecido. Dou fe.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,